

## Folga O+M: esténdese o conflito

Os sindicatos que conformamos a Coordinadora de Burgos convocamos Folga indefinida, os mércores e dunha hora de duración (a última de cada quenda), a partir do vindeiro 22 de abril. Están convocados a estes paros os traballadores de O+M de todo o estado, as xornadas de paro coinciden coas de O+M A Coruña, que lembramos, **levan xa 17 xornadas de paro cun seguimento do 100%**.

Dende a CIG entendemos que os problemas de O+M afectan a todo o estado e polo tanto a folga de O+M A Coruña debía estenderse a todas as provincias, e así o defendemos nestas últimas reunións dos sindicatos da Coordinadora de Burgos, acadando agora esta convocatoria a nivel estatal.

A externalización de actividades que se está a producir en case que todas as áreas de Telefónica, debería ter unha resposta contundente por parte de todos, hoxe os traballadores de O+M xa son conscientes da magnitude do problema, e por ese motivo se estende a convocatoria de paro a todo o estado. Dende a CIG traballaremos para que todo o cadro de persoal entenda que os plans propostos pola empresa son claramente prexudiciais para os intereses do conxunto dos traballadores e traballadoras.

Debemos concienciarnos para **rexear estes plans deseñados pola empresa, que pasan por quitarnos actividades aos traballadores e traballadoras de Telefónica**, reducindo a cada paso o peso e a importancia do noso traballo na empresa; nunha dinámica que acabará por encadRAR ás traballadoras e traballadores en **funcións e actividades cada vez menos especializadas o que supón que sexamos cada vez máis prescindibles**.

**A loita contra a externalización é a loita polo mantemento do emprego**, canto mais polo emprego na localidade, non podemos permitir que nos quiten as actividades propias das nosas categorías laborais. Isto que teñen tan claro os traballadores de O+M de A Coruña debería ser entendido por todas e todos. Dende a CIG faremos o esforzo necesario para que así sexa.

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Galiza, 14 de abril de 2009